

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: venres 12 de abril do 2024

HORARIO: 18.00-20.00 h.

LUGAR: rúa Dublín nº 6 Santiago de Compostela.

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:

- Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)
- Antonio Doval Canabal (Tesouraría)
- Ana María Rodríguez Fernandez (Secretaría)
- Cristina Díaz Mira (Vogal)
- María Rosario Capelo Casas (Vogal)
- María Isabel Fernández Lema (Vogal)
- David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES ONLINE:

- Laura Zapata Criado (Vogal)

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES :

- Ana María Vilar Varela (Vicepresidencia)- Delega voto en Miriam Rodriguez
- Belén Vázquez Iglesias (Vogal) – Delega voto en Cristina Díaz
- María Elena Gómez Fernández (Vogal) - delega voto en Rosario Capelo

1. Aprobar a acta, se procede, do 22 de marzo de 2024

Aprobada por unanimidade.

2. Cuestións de persoal

A secretaría informa dun escrito para cambio de xornada da traballadora María Olivares, para o que se acorda facer cada mes unha proposta da organización da xornada, tendo en conta as reunións de grupos de traballo previstas así como os cursos de formación.

3. Quenda de Violencia de Xénero

Acordase enviar un comunicado explicativo da situación, pola finalización da quenda do convenio da quenda de garda. Así como informar da falta de contestación da Secretaria Xeral de Igualdade as propostas feitas dende o Cotsg.

4. Certificado dixital

Valorase a proposta realizada pola empresa UANATACA. Pero acordase volver levar o punto a Xunta de Goberno para unha vez recollido máis información.

- Consulta sobre a validez de uso tanto coa administración autonómica, local como SERGAS.
- Realizar reunión coa empresa para aclarar dúbidas

5. Queixas

Dase conta de 3 queixas chegadas a través da canle de denuncias. Acordase contactar coa interesada, que as queixas que envía teñen que entrar a través do buzón de queixas reclamacións polo contido que supoñen.

Queixa 1-2024 acordase abrir un expediente de defensa da profesión por un suposto caso de intrusismo laboral.

Queixa 2-2024 acordase contactar coa interesada pola falta de claridade do texto, e a necesidade de envíar un escrito fundamentado para poder ser valorado.

6. Plan de actividades para a Asemblea

Acordase adiar a Asemblea ante a falta de corrección dos documentos.

Proponse como data o xoves 30 de maio, a data límite para ter rematados os documentos será o 8 de maio.

Acordase marcar a data das vindeiras reunións de xunta de goberno :

- 2 de maio.
- 13 de xuño
- 11 de xullo
- 6 de setembro
- 27 de setembro

Rogos e preguntas

- Recibido un escrito da asociación apACOPEGAL, acordase contestar o escrito, ofertando a posibilidade dunha xuntanza.
- Para a xornada de educación acordase contratar empresa para gravación da xornada e que poida facer en redes publicacións a tempo real.
- En canto os escritos a colexiación con débedas acordase deter o envío de cartas, actualizar a base de datos e contestar a cada alegación de xeito personalizado.
- Acordase acudir a manifestación do 1 de maio en Santiago de Compostela facendo unha convocatoria dende o COTSG, ante a proposta do GT de comunitarios.
- Acordase non aceptar a oferta de publicación de promoción no xornal LA OPINIÓN.
- Escrito de María Jose Lozano, para presentación da súa novela, acordase rexeitar a proposta.

ALTAS E BAIXAS

BAIXAS

3695 desemprego

ALTAS

4541

4542

4543

4544

4545

4546

4547

4548

Total de colexiacións 3420

Visto e praxe:



Asdo: A presidenta

Asdo: 349990311 MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q15690160)
o día 04/06/24 cun certificado emitido por:
AC Representación



Tel. 981 568 100, F. 981 941 698
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal

Asdo: A secretaria

Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 32672820D
o día 11/06/24 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios